



CIF: P-3202500-1

---

## Concello de Celanova (Ourense)

Praza Maior, 1 – 32.800

Tfno.: 988.431481/431487 – Fax: 988.451623 – [concello.celanova@eidolocal.es](mailto:concello.celanova@eidolocal.es)

---

### CONCURSOS DA “VIII ROMARÍA ETNOGRÁFICA RAIGAME” VILANOVA DOS INFANTES - 17 DE MAIO DE 2009

En Celanova, o 9 de setembro de 2009 constituíronse os xurados correspondentes, para analizar os traballos presentados ao concurso convocado pola organización da “VIII Romaría etnográfica Raigame” celebrada en Vilanova dos Infantes o pasado 17 de Maio día das letras galegas, resolvendo cada un deles o seguinte:

#### **Apartado de Fotografía**

O xurado constituído por: Xosé Vázquez “Che”, José Paz e Antonio Piñeiro, que actuou de secretario, acordou conceder os premios da seguinte maneira:

Primeiro premio de 600 €: Ao traballo presentado co título “BARRO NAS MANS”. Aberto o sobre, o traballo resultou ser de José Luis Diz Rodríguez, de O Carballiño.

Segundo premio de 300 €: Ao traballo presentado co título “CANTEIRO”. Aberto o sobre, o traballo resultou ser de Evaristo Santamaría Inzúa, de Noia (A Coruña).

Terceiro premio de 150 €: Ao traballo presentado co título “APRENDENDO O OFICIO”. Aberto o sobre, o traballo resultou ser de Juan Andrés Hervella, de Ourense.

O xurado acordou conceder accesits aos traballos titulados:

“A VODA” de María López Cacheda, de Santiago.

“ARTE NA PEDRA” de Manuel González Carballo, de O Carballiño.

“TROULA” de Josefa Rodríguez, de Vigo.

“FIADEIRAS DE VILANOVA”, de Pilar Oviedo González, de San Benito de Cova de Lobo, Barbadás, Ourense.

“FOLCLORE PORTUGUÉS” de José López Pérez. Carretera das Fraguas, de Santiago de Compostela.

“SEPIA 3” de Milagros Fernández Silva, de San Amaro, Ourense.

#### **Apartado de Investigación Etnográfica**

O xurado constituído por: Lalo Pavón González, Francisco Javier Álvarez Campos e José María Roríguez Álvarez, que actuou de secretario, acordou conceder o seguinte premio:

Premio de 750 €: Ao traballo presentado baixo o pseudónimo “AZ ZAIT” co título “A oliveira e os muíños de aceite”. Aberto o sobre, o traballo resultou ser de Aníbal Cid Babarro, de Ourense.